

O CENTRO DRAMÁTICO GALEGO ESTREA 'AS ACTAS ESCURAS' BAIXO A DIRECCIÓN DE XÚLIO LAGO

A OBRA DE ROBERTO VIDAL BOLAÑO SUBE POR VEZ PRIMEIRA
AOS ESCENARIOS CUN ELENCO DE 14 ACTORES E ACTRICES

A DISTRIBUCIÓN ESTENDERASE ATÉ ABRIL E DISCORRERÁ POR
SANTIAGO, NARÓN, O BARCO, TUI, VIGO, A CORUÑA, OURENSE E FERROL

O Centro Dramático Galego (CDG) estrea o 15 de xaneiro no Salón Teatro de Santiago a súa última produción, *As actas escuras*, de Roberto Vidal Bolaño, baixo a dirección escénica de Xúlio Lago. A obra, gañadora do Premio Xacobeo de Textos Teatrais en 1992 e publicada dez anos despois polo Concello de Santiago e A Nosa Terra Edicións, sube por primeira vez aos escenarios e faíno da man dun elenco de 14 actores e actrices destacados da escena galega. A nova produción, coa que a compañía pública abre a programación de 2010, representase até o 7 de febreiro en Compostela e visitará despois outros sete concellos galegos.

SUMARIO

- [1-5] AGADIC
 - [3] > Novidades editoriais
 - [4] > Centro Coreográfico Galego
 - [4-5] > Centro Dramático Galego
- [6-7] E_SCENA EN CIFRAS



navega por e_scena pinchando nas
frechas, no índice e nos enderezos web

O CENTRO DRAMÁTICO GALEGO ESTREA "AS ACTAS ESCURAS" BAIXO A DIRECCIÓN DE XÚLIO LAGO

.....
vén da páx. anterior

César Cambeiro, Ricardo de Barreiro, Ursia Gago, Jouse García, Mónica García, Teté García, César Goldí, Xoán Carlos Mejuto, Fernando Morán, Xosé Manuel Oliveira "Pico", Rodrigo Roel, Pepe Soto, Agustín Vega e Marcos Viéitez encarnan os personaxes ideados por Vidal Bolaño para contar unha trama que parte da situación que se crea cando un sacerdote e o seu sobriño recompilan información sobre a ubicación dos restos do Apóstolo Santiago.

A ocultación da verdade e a manipulación, así como o posible sentido ético e a punibilidade destas condutas son algún dos temas que traslada ao espectador *As actas escuras*.

Rigor co texto e co autor

Xúlio Lago –director de anteriores producións do CDG como *Seis personaxes á procura de autor*, *A fiestra valdeira*, *A noite vai coma un río* ou *Woyzeck*;



Xosé Manuel Oliveira "Pico"

e titular da compañía Teatro do Atlántico– asumiu a posta en escena desde o respecto e o rigor co texto orixinal e coa visión do teatro que tiña o propio autor, falecido en 2002. Así, algúns dos colaboradores habituais de Vidal Bolaño participaron tamén en distintos aspectos artísticos da montaxe.

Entre os membros do equipo de creadores reunidos para *As actas escuras*, Rodrigo Roel ocupouse do espazo escénico e do deseño de *atrezzo*, Xúlio Lago compartiu con Antón Arias Marsal o deseño de iluminación, a música corresponde a Manuel Rivero, o dúo La Canalla debuxou os figurinos do vestiario e Fausto Isorna asina o deseño gráfico e o cartaz co que se publicita o espectáculo.

O director da montaxe, que desenvolveu ensaios coa compañía desde o pasado 9 de novembro, refírese á representación como "unha complexa e apaixonante aventura escénica formulada desde o risco formal e o compromiso ético e político que presidiu sempre a escrita do noso grande dramaturgo e inesquecible amigo Roberto Vidal Bolaño". Ao rematar os traballos de produción, Lago explicou que a posta en escena da peza veu resultar "unha viaxe das que deixan pegada", tanto polos seus contidos coma pola dificultade artístico-técnica.

Unha trintena de funcións

Despois da fin de semana de estrea (venres 15 ás 21:00 h, sábado 16 ás 20:30 h e domingo 17 ás 18:00 h), a obra permanecerá no Salón Teatro de Santiago até o 7 de febreiro con



Ricardo de Barreiro

A ocultación da verdade e a manipulación, así como o posible sentido ético e a punibilidade destas condutas son algún dos temas que traslada ao espectador 'As actas escuras'

cinco funcións semanais (de mércores a domingo), nas que se combinarán as representacións para público xeral coas especialmente dirixidas a escolares. Para un maior aproveitamento destas últimas, o CDG elaborou un caderno pedagóxico no que se explican aos estudantes algunhas das claves do espectáculo.

As actas escuras iniciará a continuación unha xira por outros sete concellos galegos até completar unha trintena de función no mes de abril. Así, a obra poderá verse tamén no Pazo da Cultura de Narón (19 e 20 de febreiro), no Teatro Lauro Olmo do Barco (26 de febreiro), no Teatro Municipal Área Panorámica de Tui (5 de marzo), no Centro Cultural Caixanova de Vigo (17 de marzo), no Teatro Rosalía da Coruña (19 e 20 de marzo), no Teatro Principal de Ourense (27 e 28 de marzo) e no Teatro Jofre de Ferrol (3 de abril).

+ info.: www.centrodramatico.org

DISTRIBUCIÓN

AS REDES DA AGADIC OFRECERÁN 848 FUNCIÓNS ESCÉNICAS E MUSICAIS ATA O MES DE XUÑO

As tres redes de distribución escénica e musical que promove a Axencia Galega das Industrias Culturais ofrecerán un total de 848 funcións e concertos entre os meses de xaneiro e xuño deste ano, dos que 388 corresponden á Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA), 325 á Rede Galega de Música ao Vivo (RGMV) e 135 á Rede Galega de Salas (RGS). Este primeiro ciclo de programación estará protagonizado por 186 formacións artísticas, das que preto dun 90% son galegas.

A AGADIC destinará un orzamento de 812.414 euros –580.876 euros para a RGTA, 145.638 para a RGMV e 85.900 para a RGS– á programación deste primeiro semestre de 2010, cofinanciada xunto ás entidades públicas e privadas que xestionan o centenar de teatros, auditorios e salas de toda Galicia que conforman estes tres circuitos.

Incorporación da Rúa

Canto á Rede Galega de Teatros e Auditorios, un total de 70 espectáculos escénicos (teatro de adultos, danza, música de cámara, maxia e programación infantil) a cargo de 63 compañías dan forma a unha carteleira que se desenvolve en 48 espa-

zos, aos que este ano se une por primeira vez o Centro Cultural Avenida do concello ourensán da Rúa. Pola súa banda, a Rede Galega de Salas ofrecerá as últimas propostas de 30 compañías nos seus seis espazos asociados.

En ambos circuitos, preto do 90% das formacións artísticas programadas son galegas, porcentaxe que alcanza o 92% no caso dos 85 grupos de moi diferentes estilos musicais que actuarán ata xuño en 43 locais da RGMV, rede que a AGADIC promove en colaboración coa Asociación de Salas de Música ao Vivo Clubtura.

+ info.: www.culturavai.info
e www.musicaovivo.info

SUBVENCIÓNS

A AGADIC APOIARÁ AO SECTOR ESCÉNICO GALEGO CON 2.650.000 EUROS EN 2010

A Consellería de Cultura e Turismo, a través da Axencia Galega das Industrias Culturais, investirá este ano 2010 un total de 2.650.000 euros no apoio ao sector escénico galego a través da súa convocatoria anual de axudas ao sector e do investimento nas redes de distribución de espectáculos.


Segundo explicou o conselleiro de Cultura, Roberto Varela Fariña, durante a reunión de traballo mantida o pasado día 28 cos representantes das principais

asociacións profesionais do sector, a Consellería fará un especial esforzo no que se refire á distribución de espectáculos galegos a través das redes que promove a AGADIC –Rede Galega de Teatros e Auditorios e Rede Galega de Salas– co obxectivo de aumentar a rendabilidade das producións subvencionadas pola Administración. Así, a ambos circuitos escénicos destinarase directamente máis dun 45% deste orzamento global reservado para o apoio ao sector.

Plan Galego das Artes Escénicas

Nesa mesma reunión, á que tamén asistiu o director da AGADIC, Juan Carlos Fernández Fasero, acordouse que a comisión de avaliación do Plan Galego das Artes Escénicas 2008-2011 (PGAE) se reúna cada seis meses para “manter un diálogo continuo entre todas as partes”. O titular de Cultura e Turismo asegurou que o seu departamento asume o Plan das Artes Escénicas, que cualificou de “bo plan susceptible de melloría continua”, ao tempo que anunciou que “terá a súa prolongación (de xeito máis perfecto e axustado á realidade futura, previa revisión, negociación e acordo co sector e cos axentes sociais implicados), durante o seguinte cuatrienio (2012-2016)”. “As primeiras medidas serán avanzar no Plan Operativo 2010 e na Avaliación do Plan Operativo 2009”, engadiu.

NOVIDADES EDITORIAIS [EDIT]




Estigma

Jacobo Paz
Vanesa Sotelo,
Rubén Ruibal

Colección Escena Aberta, nº 5
Editan: AGADIC e Edicións Laiovento
ISBN: 978-84-453-4859-8
PVP: 13 euros

Estigma é o resultado do primeiro proxecto de dramaturxia residente do CDG, un exercicio de escrita a tres bandas a cargo dos autores Jacobo Paz, Vanesa Sotelo e Rubén Ruibal, que a compañía pública levou a escena en 2008 baixo a dirección de Dani Salgado. Morte, terra e memoria son os elementos que guían este percorrido inquietante e pouco optimista respecto do ser humano.



Delimvois

Rubén Ruibal

Colección Biblioteca Dramática Galega, nº 10
Editan: AGADIC e Edicións Xerais de Galicia
ISBN: 978-84-453-4850-5
PVP: 12,50 euros

A partir dun texto de Jacobo Paz, *Estado Único*, baseado no *Nós* de Yevgeni Zamiatin, *Delimvois* quiere explorar os límites mentais, os marcos ideolóxicos, as fronteiras da palabra e pensamento nas que dous homes coa memoria borrada e unha aparente muller, científica eminente que experimenta con eles, descubren a súa carne, a súa identidade e mesmo a súa ledicia. A obra foi estreada pola compañía portuguesa Teatro Oficina, en coprodución co Centro Dramático Galego.

CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO [CCG]

O CENTRO COREOGRÁFICO ESTREARÁ EN 2010 A SÚA CUARTA PRODUCCIÓN PROPIA

O Centro Coreográfico Galego (CCG) estreará en 2010 un novo espectáculo que integrará danza, música en directo e contidos audiovisuais, baixo a dirección artística de creadores galegos. A unidade de produción de danza da AGADIC completará a súa actividade anual co desenvolvemento de dúas pezas máis en réxime de coprodución; e a titoría de oito proxectos de deseño e investigación coreográfica dentro do programa de artistas residentes.

A nova montaxe, promovida desde a AGADIC, terá como fío condutor o tema do camiño, entendido en sentido amplo e como viaxe iniciática persoal ou colectiva. Representarase por medio da execución de danza de non menos de doce bailaríns e bailarinas, que serán seleccionados a partir de xaneiro, e contará tamén con interpretación musical en directo e a proxección audiovisual de contidos especialmente elaborados para a ocasión.

Para o seu deseño e dirección artística, a Axencia Galega das Industrias Culturais contactou con varios creadores e creadoras, todos eles galegos, aos que solicitou cadanseu proxecto para o desenvolvemento do espectáculo. A estrea está prevista para a primavera de 2010, en tanto que a súa distribución estenderase, dentro e fóra de Galicia, até despois do verán.

Coproducións e residencias

A produción da que será a cuarta montaxe da entidade –despois de *Vacuo*, de Maruxa Salas; *Quiosco das Almas Perdidas*, de Roberto Oliván; e *Giseliña* de Cisco Aznar– será a actividade central do CCG pero non a única, xa que o seu desenvolvemento simultanease ao longo dos próximos meses coa promoción de dous espectáculos en réxime de coprodución con compañías privadas, coa titoría de oito proxectos dentro do apartado de residencias artísticas e cun plano de formación con varios cursos específicos dirixidos a profesionais do sector.



O programa de coproducións estará dirixido a compañías, colectivos ou creadores profesionais galegos ou do resto do territorio nacional ou internacional, sempre que colaboren con artistas galegos. Os dous proxectos seleccionados recibirán o apoio económico e a asistencia técnica do CCG mediante a asignación dun servizo de apoio que prestará tarefas de análise e asesoramento artístico canto á planificación e á viabilidade de estratexias de xestión e promoción.

Baixo a categoría de residencias apoiarase a un total de oito artistas individuais ou colectivos artísticos que desexen desenvolver proxectos de investigación ou creación no ámbito da danza ou doutras artes do movemento. Deste xeito, o CCG dotará a creadores e investigadores dunha titoría e dos medios necesarios para experimentar, manifestarse artisticamente ou indagar no terreo da danza contemporánea. O resultado destes procesos culminará sempre coa mostra diante do público do traballo desenvolvido.

+ info.: www.centrocoreografico.org

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO [CDG]



Duelirium

O CDG ORGANIZA UNHA DAS MOSTRAS CLASIFICATORIAS DO PROGRAMA XÓVENES TALENTOS DO CIRCO EUROPEO

O Centro Dramático Galego (CDG) será a entidade anfitroia os días 30 e 31 de xaneiro dunha das mostras clasificatorias do programa Xóvenes Talentos do Circo Europeo, onde seis das 30 formacións finalistas exhibirán os seus respectivos proxectos artísticos ante o xurado internacional encargado de elixir os beneficiarios desta iniciativa europea de apoio a novos creadores no ámbito das artes circenses.

A nave de Circonove no polígono do Miladoiro (Ames) será o escenario deste encontro co comité de selección, ante o que se presentarán as dúas propostas galegas finalistas e únicas representantes da Península Ibérica nesta fase

–*Aviadoras*, da compañía Duelirium que integran Mercè Solé e Raquel Oitavén, e *Losing Grip*, de Raquel Veganzones e Girisho Gordon (Raquel & Girisho)–, así como outros catro candidatos chegados desde Finlandia (Sirkus Aikamoinen co proxecto *Värinpuutostila*), Francia (Tricol con *Small Deliriums and Other Disillusions*) e Gran Bretaña (Frenetic Engineering con *Bed e So & So Circus Theatre* con *The Island with no Sea*).

Encontro de novos artistas en xuño

A de Galicia será a segunda das cinco mostras clasificatorias das que saíran as dez formacións beneficiarias do programa Xóvenes Talentos do Circo Europeo, a través do que recibirán apoio e asesoramento artístico, técnico e económico para a creación e a investigación dentro do novo circo como xénero escénico, así como para desenvolver residencias artísticas e participar no encontro de novos artistas europeos que se celebrará en Santiago o vindeiro mes de xuño. O resto das exhibicións ante o xurado teñen lugar até marzo en Bélxica (Neerpelt), Inglaterra (Londres), Francia (Bourg-Saint-Andéol) e Croacia (Zagreb).

Cun financiamento de 200.000 euros para o bienio 2009-2010 a cargo da Unión Europea, a iniciativa está encabezada polo centro francés Jeunes Talents Cirque e conta con outras doce entidades asociadas correspondentes ás cinco grandes áreas xeográficas nas que se desenvolve: Illas Británicas, Escandinavia, Europa Central, Europa do Leste e Península Ibérica.

+ info.: www.jeunestalentscirque.org

O SALÓN TEATRO PECHOU 2009 CON MÁIS DE 14.300 ESPECTADORES E 105 FUNCIÓNS PROGRAMADAS

O Salón Teatro de Santiago, espazo xestionado polo Centro Dramático Galego, congregou un total de 14.313 espectadores nas 105 funcións que configuraron a súa programación de 2009. Este balance de asistencia supón un incremento superior ao 30% respecto do rexistrado o ano anterior, confirmando así o respaldo do público a unha carteleira protagonizada por 31 formacións artísticas e na que tiveron unha destacada presenza as expresións escénicas máis actuais, así como as producións propias do CDG.

Foi precisamente a compañía pública a encargada de inaugurar esta programación anual coa reposición en xaneiro do espectáculo *Noite de Reis*, que revalidou o seu gran éxito de público cunha porcentaxe de ocupación superior ao 80%. O seu director, Quico Cadaval, regresou ao Salón Teatro en marzo con *As dunas*, obra escrita por Manuel Lourenzo como dramaturgo residente do Centro Dramático. Esta produción, a última da temporada 2008-2009, foi seguida por 2.040 espectadores durante o seu período de exhibición en Santiago e por outros 2.436 na xira posterior.

Novo circo

O novo circo tivo un espazo de seu a través do ciclo *Circo en escena*, que presentou en Galicia os últimos traballos dos andaluces Varuma Teatro, da formación portuguesa O Último Momento e da francesa Ieto, ademais de acoller o debut da compañía galega Maquinaria Pesada. Esta iniciativa pioneira rexistrou un total de 1.084 asistentes.



As Dunas

A aposta pola novas linguaxes escénicas reflectiuse, así mesmo, na exhibición dos últimos espectáculos dos galegos Iván Marcos (*Eco*) e Nut Teatro (*Wake up*). Ambas montaxes foron coproducidas polo CDG, como tamén o foi *Delimvois*, obra de Rubén Ruibal que chegou ao espazo compostelán da man da compañía portuguesa Teatro Oficina. As tres coproducións sumaron nove funcións e foron vistas por 731 persoas.

Na programación de 2009 tamén sobresaíron diferentes propostas asinadas por nomes xa consagrados da escena galega. É o caso de Teatro do Morcego, que conmemorou o seu vixésimo aniversario con *Kvetch*; Cándido Pazó e a compañía Abrapalabra coa reestrea de *A piragua*, Teatro do Noroeste co espectáculo *Glass City (Cidade de Cristal)*, Lagarta Lagarta con *O segredo dos Hoffman*, e Matarile Teatro, que culminou a súa residencia artística no Salón Teatro cun ensaio público de *Cerrado por aburrimiento*. En total, 31 representacións e 3.676 espectadores.

Ademais, dende fóra de Galicia chegaron en outubro dúas montaxes que están a obter un gran respaldo da crítica e do público nas súas respectivas xiras: *Nixon-Frost*, da compañía catalá Teatre Lliure, e *Jardim Zoológico de Cristal*, da portuguesa Ao Cabo Teatro. A oferta teatral completouse en decembro coa estrea de *As cuñadas*, o último espectáculo da Aula de Teatro da Universidade de Santiago, e a xa tradicional Mostra de Teatro Infantil de Nadal, que ofreceu cinco días de representacións cun balance final de 614 asistentes.

Danza e música

Dentro da programación de danza, celebráronse seis funcións coreográficas que foron seguidas por 836 espectadores: en marzo escenificábase *Objects in mirror are closer than they appear*, peza coa que o coreógrafo catalán Salva Sanchis actuaba por primeira vez en Galicia, mentres que a Compañía Quique Peón debutaba en xuño con *Ovay* e en novembro a transgresora Marta Carrasco presentaba *Dies Irae. En el Réquiem de Mozart*, a súa última creación.

Canto á carteleira musical, o Salón Teatro confirmou en 2009 o seu apoio aos sons máis alternativos. Así, por terceiro ano consecutivo foi a sede da extensión en Santiago do Festival Sinsal, un dos certames musicais máis innovadores de Galicia. Un total de 788 persoas asistiron ás actuacións de Jeremy Jay, Pram, Larsen & Little Annie, Current 93 (con dobre cartel de concertos) e Woods. Ademais, o Festival Vibraciaoal TPS celebrou neste escenario o seu concerto de clausura, a cargo da Orquestra de Música Espontánea de Galicia.

+ info.: www.centrodramatico.org

CDG E RADIO GALEGA PROMOVEN O IV PREMIO "DIARIO CULTURAL" DE TEATRO RADIOFÓNICO

A Radio Galega e o Centro Dramático Galego colaboran un ano máis na convocatoria do Premio "Diario Cultural" de Teatro Radiofónico, unha iniciativa que conta co patrocinio da Axencia Galega das Industrias Culturais da Consellería de Cultura e que ten por finalidade o fomento da escrita de textos dramáticos para a radio.

O Premio, único das súas características na Comunidade autónoma e pioneiro no Estado, leva o mesmo título que o programa da Radio Galega decano da información cultural en Galicia. Mantén unha traxectoria de catro anos consecutivos de convocatoria e consolídase así no seu afán de divulgar a escrita teatral galega, promover o encontro entre a audiencia e o teatro e contribuír á recuperación do formato de teatro radiofónico desde unha perspectiva contemporánea.



Unha vez rematado o prazo de presentación de orixinais o pasado 31 de decembro, o ditame da actual cuarta edición está previsto para marzo, en coincidencia co Día Mundial do Teatro que se conmemora o 27 dese mes.

O xurado, integrado por profesionais do mundo da escena e da radio, seleccionará –entre o total de presentadas– as obras finalistas, que serán dramatizadas para a súa emisión por un equipo de actores e actrices coordinados polo CDG. As dramatizacións emitiranse ao longo do mes de marzo nos distintos programas da radio pública galega. Das emitidas, o xurado escollerá a obra premiada finalmente; e a audiencia votará o texto que recibirá o premio do público.

Dotación de 6.000 euros

Cada unha das dúas categorías do Premio está dotada economicamente con 3.000 euros e as catro obras finalistas serán publicadas nun libro-cd. Tamén está previsto un acto de entrega público, no que os actores e actrices interpretarán en directo as dramatizacións ao tempo que se emitirán pola radio.

David Rodríguez foi o gañador da primeira edición con *O Bambam*. A obra, interpretada por Luís Tosar e Luís Zahera con dirección de Lino Braxe, recibiu tamén o premio do público. Na segunda edición distinguíronse os títulos *O mal da vaca* de Begoña García, premio do xurado, e *Saltimbanqui* de Lois Pérez, premio da audiencia. Na terceira edición, os escritores Rubén Ruibal e César Candelas recolleron tanto o galardón do público coma o do xurado polo texto *Peter Buckley*.

AGADIC

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

*Producións con distribución pechada **

Noite de Reis

A boa persoa de Sezuán

Produción con distribución en curso

CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIÓNS	ESPECTADORES/ FUNCIÓN	FACTURACIÓN/ FUNCIÓN
Santiago	<i>As Dunas</i>	16	127,50	545,25 €
Vila Real	<i>As Dunas</i>	1	134,00	55,00 €
O Barco	<i>As Dunas</i>	1	130,00	550,00 €
A Coruña	<i>As Dunas</i>	2	440,50	4.105,48 €
Vigo	<i>As Dunas</i>	2	118,00	1.179,00 €
Tuí	<i>As Dunas</i>	2	160,00	875,50 €
Vilagarcía	<i>As Dunas</i>	1	232,00	308,00 €
Ourense	<i>As Dunas</i>	2	79,50	727,50 €
Narón	<i>As Dunas</i>	1	112,00	612,00 €
Ribadeo	<i>As Dunas</i>	1	119,00	336,00 €
Ferrol	<i>As Dunas</i>	1	113,00	494,00 €

CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO

*Producións con distribución pechada **

Giseliña

SALÓN TEATRO

CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIÓNS	ESPECTADORES/ FUNCIÓN	FACTURACIÓN/ FUNCIÓN
CDG	<i>Noite de Reis</i>	18	203,83	1.049,72 €
Varuma Teatro	<i>Malgama</i>	2	113,50	686,50 €
O Último Momento	<i>Contigo</i>	2	115,00	639,00 €
Maquinaria Pesada	<i>As vingadoras</i>	2	193,00	302,50 €
Ieto	<i>Ieto</i>	2	120,50	666,00 €
Jeremy Jay	<i>Festival Sinsal</i>	1	190,00	1.383,00 €
CDG	<i>As Dunas</i>	16	127,50	545,25 €
Pram	<i>Festival Sinsal</i>	1	150,00	985,00 €
Iván Marcos	<i>Eco</i>	3	103,33	111,00 €
Teatro do Morcego	<i>Kvetch</i>	10	81,30	417,10 €
Compañía	<i>Objects in mirror are closer than they appear</i>	2	34,00	167,50 €
Larsen + Little Annie	<i>Festival Sinsal</i>	1	91,00	534,00 €
C93	<i>Festival Sinsal</i>	2	132,50	2.219,00 €
Teatro Oficina	<i>Delimvois</i>	2	50,00	30,00 €
Orquestra O.M.E.G.A.	<i>Festival Vibracional</i>	1	120,00	450,00 €
Cía. Quique Peón	<i>Ovay</i>	2	225,00	502,50 €
Nut Teatro	<i>Wake Up</i>	4	80,25	285,00 €
Abrapalabra	<i>A piragua</i>	4	155,75	828,00 €

TOTAL ACUMULADOS 2007

	FUNCIÓNS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	113	16.096	52,28%	55.321,00 €
<i>O regreso ao deserto</i> (CDG)	4	625	35,84%	2.930,80 €
<i>Tarárá Chis Pum</i> (CDG)	46	10.267	61,91%	20.245,64 €
<i>A Piragua</i> (CDG)	37	4.729	35,61%	12.531,00 €
<i>Vacuo</i> (CCG)	30	6.500	48,12%	26.617,85 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	36	9.360	61,46%	37.675,70 €

TOTAL ACUMULADOS 2008

	FUNCIÓNS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	100	10.866	41,23%	46.249,00 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	16	4.986	68,35%	28.888,20 €
<i>Valdemüller</i> (CDG)	57	7.835	35,04%	14.133,65 €
<i>Estigma</i> (CDG)	26	3.602	30,75%	7.950,80 €
<i>Kiosco das almas perdidas</i> (CCG)	33	7.309	33,88%	33.487,91 €
<i>A boa persoa de Sezuán</i> (CDG)	24	4.091	40,93%	20.003,69 €

TOTAL ACUMULADOS 2009

	FUNCIÓNS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	75	10.294	53,59%	50.353,00 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	18	3.669	81,86%	18.895,00 €
<i>A boa persoa de Sezuán</i> (CDG)	12	2.248	46,81%	5.596,90 €
<i>As Dunas</i> (CDG)	30	4.476	35,83%	24.853,95 €
<i>Giseliña</i> (CCG)	23	6.869	56,04%	14.972,90 €

REDE GALEGA DE
TEATROS E AUDITORIOS

COMPAÑÍAS

COMPAÑÍA	Nº FUNCIÓNS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
A Banda da Alcaiata con Ivan e Josito	1	56,00	140,00 €
A Xanela do Maxín	1	8,00	20,00 €
Abrapalabra Creacións Escénicas	4	151,25	679,69 €
Arela das Artes	7	80,86	302,86 €
Artello Teatro Alla Scala 1:5	3	158,33	419,67 €
Ballet Carmen Roche	1	338,00	1.431,00 €
Berrobambán	11	221,36	414,86 €
Branca Novoneyra	1	66,00	306,00 €
Bstudiodanza	2	106,50	311,75 €
Búho y Maravillas	3	195,33	265,14 €
Caramuxo Teatro	5	85,80	160,50 €
Chrystyan Magic	3	135,00	300,00 €
Cia Daniel Abreu	1	76,00	480,00 €
Cía. Galega de Danza Contemporánea - Ballet Jesús Quiroga	1	171,00	1.034,00 €
Clara Panas	1	172,00	410,00 €
Cobosmika Company	1	154,00	357,50 €
Compañía do Trinke Trinke	6	112,50	207,75 €
D2	4	121,75	545,00 €
Dani García	4	125,75	252,13 €
Disque Danza	1	22,00	20,00 €
Dúo Décima-Cerviño (Piano a Catro Mans)	1	113,00	386,00 €
Elefante Elegante Teatro	12	203,00	398,15 €
Entremans	5	79,00	288,20 €
Espello Cóncavo	5	161,80	608,80 €
Fulano, Mengano e Citano	5	64,00	298,40 €
Galitoon	14	231,29	493,64 €
Gelabert Azzopardi Companyia de Dansa	1	64,00	59,00 €
Ghazafellos	9	90,33	184,28 €
Grupo de Música Antiga 1500	2	124,50	277,75 €
Grupo de Teatro Lope de Vigo	6	60,67	120,92 €
Javier Martín	2	210,00	735,50 €
Julia Cea e Grupo	1	80,00	180,00 €
La Tirita de Teatro	5	71,40	141,00 €
Lagarta Lagarta	17	188,65	725,29 €
Lambríaca Teatro	8	114,00	285,31 €
Los Ulen	1	230,00	2.141,00 €
Mago Rafa	5	134,20	228,90 €
Mago Xacobe Sanz	3	105,00	229,83 €
Malasombra	10	107,20	340,98 €
Maquinaria Pesada	4	65,00	237,63 €
Martín Camiña	5	98,60	213,80 €
Matarile Teatro	6	100,67	456,33 €
Miroscopio Perdicións	8	62,75	153,81 €
Nats Nus Dansa	1	93,00	215,00 €
Nova Galega de Danza	3	213,33	1.370,00 €
Nova Poesía	1	86,00	205,00 €
O Mago Teto	3	229,33	994,67 €
Orquestra Vigo 430	2	100,00	332,50 €
Os Monicreques de Kukas	15	153,80	309,80 €
Os Quinquilláns	6	299,00	393,67 €
Pinga Teatro	4	121,00	185,94 €

Pisando Ovos	4	116,00	257,00 €
Pistacatro Productora de Soños	12	173,17	515,40 €
Producións Teatráis Excéntricas	8	197,00	978,56 €
Redrum Teatro	6	132,17	681,67 €
Román García	5	166,40	344,00 €
San&san	9	85,11	250,69 €
Sarabela Teatro	17	180,82	539,09 €
Symbiosis Produccións S.c.	5	81,80	142,30 €
Talia Teatro	28	137,75	349,38 €
Teatro de Ningures	12	83,50	308,90 €
Teatro del Andamio	15	88,73	226,85 €
Teatro do Atlántico	8	142,00	609,25 €
Teatro do Morcego	16	173,81	949,63 €
Teatro do Noroeste	10	162,70	610,55 €
Teatro Ensalle	5	45,60	209,40 €
Teatro Galileo	9	145,22	479,72 €
Teatro Nu	4	113,25	254,63 €
Titeres Tropicallo	5	158,20	421,50 €
Títizina Teatre	1	94,00	397,00 €
Uroc Teatro	4	142,25	739,00 €
Yllana	4	220,75	1.472,50 €
[in]constantes Teatro	6	194,83	1.438,58 €

CONCELLOS/ENTIDADES

CONCELLO/ENTIDADE	Nº FUNCIÓNS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
A Coruña. IMCE	40	173,95	867,27 €
A Coruña. Teatro Colón Caixa Galicia	7	265,14	707,93 €
A Estrada	11	80	390,36 €
Ames	18	71,61	142,49 €
Arteixo	8	118,13	282,19 €
As Pontes de García Rodríguez	4	135,75	203,75 €
Betanzos	4	92,25	291,88 €
Boiro	8	127,75	284,69 €
Burela	8	207,63	564,06 €
Cambados	4	201,25	264,00 €
Cangas de Morrazo	11	154,36	478,91 €
Carballo	15	113,27	322,17 €
Cedeira	9	76,78	130,89 €
Cee	13	103,54	173,46 €
Culleredo	8	60,25	138,00 €
Ferrol	17	118,35	466,24 €
Foz	19	121,79	272,03 €
Latín	4	73,5	212,75 €
Lugo	4	104,5	316,25 €
Monforte de Lemos	4	145,5	336,50 €
Muros	11	92,82	168,23 €
Narón	20	163,55	817,40 €
Noia	4	97,25	284,00 €
O Barco de Valdeorras	10	100,2	382,40 €
O Carballiño	9	109,22	314,94 €
Oleiros	5	158	557,20 €
Ortigueira	5	31,6	88,90 €
Ourense. Teatro Principal	8	116,75	881,13 €
Ourense. Auditorio Municipal	17	232,76	671,59 €
Pontevedra	17	278,82	527,41 €
Redondela	7	250,86	624,43 €
Ribadavia	5	83,8	179,00 €
Ribadeo	11	138,18	256,55 €
Sada	8	41,63	132,94 €
San Sadurniño	8	57,13	117,19 €
Santiago de Compostela	26	115,92	480,69 €
Sanxenxo	5	118,8	268,40 €
Tuí	8	274,13	762,50 €
Vigo. Caixanova	9	268,67	1.187,89 €
Vilagarcía de Arousa	7	104,43	243,57 €
Viveiro	8	166,75	411,00 €

[continúa na pág. seguinte]

REXISTRO DE DATOS SETEMBRO 2009 [E_SCENA EN CIFRAS]

[vén da páx. anterior]

TOTAIS RGTA (ATÉ SETEMBRO)	2006	2007	2008	2009
Funcións	415	401	474	424
Público	72.734	47.255	65.071	59.878
Ocupación	42,98%	29,47%	39,24%	36,24%
Facturado	163.944,40 €	144.445,31 €	212.426,99 €	192.154,00 €

REDE GALEGA DE SALAS

CONCELLO/ENTIDADE	Nº FUNCIÓN	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
Arteria Noroeste (Santiago)	14	52,29	172,11 €
Sala Nasa (Santiago)	29	35,83	146,33 €
Sala Santart (Santiago)	23	17,74	64,35 €
Sala The Star (Carral)	13	42,62	126,69 €
Teatro Arte Livre (Vigo)	8	11,75	87,50 €
Teatro del Andamio (A Coruña)	33	36,03	134,18 €
Teatro Ensalle (Vigo)	30	22,93	158,63 €

TOTAIS RGS (ATÉ SETEMBRO)	2007	2008	2009
Funcións	108	113	150
Público	3.391	2.875	4.704
Ocupación	33,88%	43,81%	41,72%
Facturado	17.517,00 €	14.719,00 €	19.667,00 €

REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO

GRUPOS

GRUPO	CONCERTOS	ESPECT/CONCERTO	FACT/CONCERTO
6pm	4	58,00	188,00 €
7 Puertas	8	77,25	224,38 €
A Tuna Rastafari	9	71,56	239,89 €
Adrián Costa & Marcos Coll	4	77,25	355,25 €
Aguardiente Swing Quartet	5	41,80	183,20 €
Aid	4	49,25	152,25 €
Alberto Pérez	4	47,50	246,75 €
Alejandra Burgos	5	45,20	115,80 €
Aló Django	7	69,86	239,71 €
Álvaro Muras	7	26,29	60,29 €
Anger	5	48,20	129,00 €
Aphonníc	4	50,75	221,50 €
Ataque Escampe	4	36,00	129,00 €
Balakandra	3	33,33	66,67 €
Baldosa Amarilla	6	64,33	144,83 €
Banda Potemkin	4	60,00	181,00 €
Batusi	4	28,50	113,00 €
Brothers In Band- Tributo Dire Straits	5	46,20	135,80 €
Bruno T. Ford	8	34,00	103,88 €
Bukowski Blues Trío?	4	41,50	130,00 €
Carlos Childe Troupe	3	28,67	109,33 €
Chamito el Flako	4	57,50	122,25 €
Con Cierito Swing	3	33,67	106,00 €
Cooltrain Band	4	37,75	101,00 €
Cornelius	16	65,63	233,06 €
Coyote Express	2	40,50	105,00 €
Creole Kings	5	46,40	154,80 €
Dandy Fever	6	70,17	188,33 €
Debuxos Reanimados	1	68,00	340,00 €

Deva	5	48,40	110,80 €
Doctor Harapos	4	49,50	132,25 €
Ectoplasma	8	62,25	211,50 €
Edu Manazas & Whiskey Tren	7	49,14	212,71 €
El Cubo	1	47,00	96,00 €
El Puchero del Hortelano	4	80,25	422,00 €
Elodio y Los Seres Queridos	4	32,00	145,25 €
Fabulosos Cubatas de Fockink Brothers	9	54,00	156,33 €
Fainoti	3	44,67	190,00 €
Felix Arias	4	24,50	59,50 €
Franc3s	4	27,00	94,50 €
Graham Foster Trío	6	73,33	315,33 €
Guezos	4	53,50	95,25 €
Guru Deva	7	57,29	152,43 €
Harry Navissom Band	4	26,25	68,25 €
Héctor Lorenzo	6	27,67	68,17 €
Hendrik Röver & Los Esqueletos	3	66,33	199,00 €
Holywater	5	107,00	436,60 €
Javier Constenla “Improvia”	4	35,00	119,25 €
Javier Pereiro Quartet	4	27,25	113,75 €
José Luis Pardo & The Mojo Workers	4	46,25	201,50 €
La Pegatina	1	90,00	270,00 €
Lisandro Aristimuño	4	51,75	216,00 €
Little Albert Boogie Band	3	37,00	121,33 €
Los Eternos	6	53,50	174,50 €
Los Marcianos	5	30,60	82,40 €
Los Mecánicos	7	53,71	113,86 €
Lucía Martínez Cuarteto	4	44,00	184,50 €
M3 - Monkeymeetsmusic	5	48,00	167,60 €
Magín Blanco & Burgas Beat	5	43,00	93,00 €
Meu	8	76,88	251,50 €
Michel Gonzalez Band	2	41,50	92,50 €
Microguagua	6	45,67	149,50 €
Miki Nervio & The Bluesmakers	7	55,71	167,14 €
Misquious	6	32,50	75,67 €
Moon Cresta	7	33,43	131,43 €
Moondogs Blues Party	5	52,60	216,20 €
Mr. Whiz	4	42,25	159,25 €
Niño y Pistola	8	50,75	169,63 €
O Sonoro Maxín	9	68,33	249,67 €
Os Trasnos de Moscoso	4	36,25	51,75 €
Overlook	2	33,50	185,50 €
Pablo Bicho Quinteto	5	64,00	195,40 €
Pablo Seoane Quartet	3	27,00	98,33 €
Phantom Club	5	72,60	259,60 €
Por Placer	6	71,00	213,67 €
Preachers Of Rock And Roll	4	33,50	124,25 €
Rockers Go To Hell	4	49,50	148,00 €
Ruso Negro Dúo	5	45,00	119,80 €
Samesugas	3	36,33	146,00 €
Samuel Levi	3	25,00	53,00 €
Sevigny	9	47,89	191,44 €
Snatch	5	52,40	80,20 €
Sojazz	6	34,17	82,67 €
Som do Galpom	4	33,00	104,00 €
Stereotipos	5	91,60	302,80 €
Sugar Mountain	6	58,00	176,33 €
Swing Session Quintet	1	25,00	75,00 €
Swingpool	6	38,33	109,17 €
Tangazz Trío	4	21,25	75,75 €
The 38beats	4	46,25	129,75 €
The Blows	6	87,50	299,83 €
The Fishfuckers	6	46,00	164,33 €
The Homens	5	63,00	248,20 €

The Sweat	5	35,80	99,20 €
Transilvianians	5	53,20	188,60 €
Tumbling Dice	5	26,40	52,80 €
Victor Aneiros	4	51,00	163,75 €
Vozes da Rádio	4	60,75	261,75 €
Woden	6	51,33	121,00 €

SALAS

SALA	CONCERTOS	ESPECT/CONCERTO	FACT/CONCERTO
A Fundación (Melide)	10	73,7	145,90 €
A Regueifa (Ponteareas)	15	61,2	163,87 €
Ache (Marín)	8	39,25	264,75 €
Aturuxo (Bueu)	15	60,53	278,40 €
Auriense Café Cultural (Ourense)	17	41,12	114,59 €
Babel (Lugo)	3	37,67	112,00 €
Badulake (Ordes)	7	39,71	119,14 €
Bar Liceum (O Porriño)	9	72,11	263,00 €
Bar Patos (Nigrán)	6	31,5	119,17 €
Baranda (O Barco de Valdeorras)	11	64,27	192,82 €
Borriquiña de Belém (Santiago)	8	44,75	104,00 €
Café Concerto Antano (Outes)	7	44,14	105,00 €
Café-cultural Roi Xordo (Allariz)	6	69,17	201,83 €
Casa das Crechas (Santiago)	8	52,25	133,25 €
Catro Camiños (A Rúa)	10	46,7	16,40 €
Clandestino (Nigrán)	11	38,82	116,09 €
Clavicémbalo (Lugo)	16	50,94	201,69 €
Contrabajo (Vigo)	24	35,96	154,00 €
El Ensanche (Vigo)	12	48,42	145,25 €
El Otro Caimán (Monforte de Lemos)	5	83	207,00 €
Forum Celticum (Culleredo)	10	103,9	265,80 €
Garufa (A Coruña)	23	39,04	149,35 €
Jazz Filloa (A Coruña)	4	38,75	193,75 €
Jazz Vides (A Coruña)	26	37,5	141,31 €
La Casa de Arriba (Vigo)	10	24,8	122,80 €
La Fábrica de Chocolate (Vigo)	22	46,82	182,82 €
La Galeríajazz (Vigo)	6	21,5	100,83 €
La Iguana Club (Vigo)	12	75,5	299,17 €
Marrucho (Baiona)	14	36,07	88,71 €
Náutico (O Grove)	14	78,57	234,64 €
O Con do Moucho (A Illa de Arousa)	9	55,33	140,22 €
Planeta (Sarria)	9	60,89	191,22 €
Pub o Muíño (Cervo)	11	51,27	114,91 €
Pub d'Antón Rock Café (A Laracha)	19	50,89	134,21 €
Pub Gatos (Melide)	13	49,15	133,38 €
Pub Leblón (Pontecaldelas)	14	37,79	57,21 €
Sala 600 (Melide)	10	58,7	227,90 €
Sala Karma (Pontevedra)	13	81,23	382,77 €
Sala Run Rum (Ferrol)	17	53,59	215,59 €
Salason (Cangas de Morrazo)	11	41,27	142,64 €
Vagalume Café Concerto (Salvaterra de Miño)	6	63,33	180,00 €
Zona Zero (Caldas de Reis)	9	33,33	108,67 €

TOTAIS RGMV (ATÉ SETEMBRO)	2007	2008	2009
Concertos	550	460	490
Público	26.454	23.127	24.998
Ocupación	25,91%	37,31%	40,76%
Facturado	65.268,00 €	69.065,00 €	81.911,00 €

CIFRAS